



Cultura e barbarie na Galicia do século XXI

Ignacio Castro Rei

Este artigo quere ensaiar unha antropoloxía cultural da actualidade galega. Parte da base de que é urxente pensar na xeneralidade do que facemos, coller o fío común dunha pragmática social na que converxen boina e birrete, dereita e esquerda, campo e cidade. Non é que, desde unha posición “posmoderna”, consideremos superada a división entre esquerda e dereita. Nada diso. Trátase simplemente de pensar no que teñen en común eses dous polos para precisamente superar un sectarismo partidario que impide unha política profunda. Para iso tentaremos localizar qué trazos se dan na *cultura* que explican o momento presente de Galicia. Percorreremos moitos detalles cunha soa idea: rexistrar en diversos ámbitos as metáforas da elevación que caracterizan a unha modernidade de despegue, sen retorno, que carece da coraxe para dialogar coa fatalidade do natal. O problema reside en cómo a cidadanía, a clase política e intelectual galega entenden a *separación*, dalgunha maneira intrínseca á modernidade.

Neste punto falaríamos dunha preocupante alianza da burguesía posmoderna de onte cos campesiños premodernos de sempre: os dous bandos unidos polo seu desprezo para a orixe vernácula. Pero queremos engadir que nos guía unha vontade reformista. Non cremos máis que nas reformas, a pesar do ton apocalíptico e das esaxeracións que este escrito poida conter.

Obsesión pola liña recta e os espazos diáfanos

Nalgunha conversación deste verán unha muller deixou caer a idea de que a emigración galega sempre fora un pouco covarde pois significaba a opción máis doadoade abandonar o contorno en vez de tentar transformalo. A pesar da súa enorme simplificación -déronse na historia de Galicia emigracións moi distintas-, pensemos na relación entre esta hipótese e a proliferación de rectas que vemos por doquier no noso contorno. En primeiro lugar, a do eucalipto. A liña recta do seu tronco escapando do chan, abandonando un lugar que ó mesmo tempo queda reseco, afogado pola chuva de follas ácidas que caen e a extracción masiva de auga. As liñas rectas dos troncos súmanse á das ringleiras, compondo un lugar onde domina o gris -os troncos, as follas secas, as escasas matogueiras- e o verde apagado das copas que soben.

A paisaxe así transformada perde matices e asemade perde grosor e viveza o verde. Sumemos agora esta grisalla da repoboación forestal dos últimos 40 anos ó gris desas casas inacabadas que se elevan deixando abaixo un piso ou dous baleiros, sen habilitar. Deixan atrás, como se dixésemos, unha zona cero invivible. Con frecuencia quedarán tamén sen recebar nin pintar, pero en calquera caso esas casas marcan a paisaxe coas présas dunha elevación que non quere saber nada do chan, do lugar antigo, os seus pequenos recovecos e detalles.

Sumemos estes vectores de fuxida á proliferación de vías e sinais de comunicación. Autoestradas, pistas forestais, estradas, ás veces a sitios absurdos, pois xa foron baleirados de toda utilidade, de toda vitalidade. Por exemplo, se un vai agora á parte oriental do Courel, na zona de Soldón da Seara, comprobará que a montaña está abandonada, verá aldeas baleiras, soutos de castiñeiros invadidos pola maleza e prados perdidos de toxos e xuncos. Pero veremos tamén absurdas e custosas pistas forestais que chegan ata a cima dos picos máis altos. Non queda un teso sen violar e marcar cunha pista, sen ser ocupado por repetidores de telefonía e televisión, postes, cables, muíños de vento. Parece que entendemos a modernidade como unha forma apurada de cubrir todo o que puidese ser natural, sombrío, forte, antigo.

Non somos expertos no tema, pero é sabido que a forma en que se realizou a concen-

tración parcelaria en Galicia produciu un achandamento masivo dos lugares, destruíu o seu relevo e o seu carácter, os seus muíños e pontes. Estimulou a deforestación para equiparar os predios, encheu todo de pistas, rematou con esquinas de camiños e corredoiras. É difícil, tanto neste coman outros casos, non ver aquí un modelo básica e brutalmente “neo-castelán”, un modelo onde predomina a adoración polos grandes espazos desertos que crean as escavadoras, como se pensásemos que a liquidación “militar” das sombras puidese traer automaticamente a modernidade.

Se a isto sumamos a teima actual polos parques empresariais que calquera vila -á súa vez achandada, coma Curtis, Arzúa, Carballo ou Chantada- debe ter nas aforas enormes non-lugares espoliados que colocamos nas proximidades das aldeas, é difícil non concluír que en Galicia vinculamos a riqueza ó deserto, ó gris do cemento e ós lugares baleiros -listos para a

comunicación, en efecto, xa que son todos iguais. Pois ben, ¿non é isto autoodio? O odio que manifestamos para o propio é perfectamente equiparable ó que se manifesta en Castela, Andalucía ou Canarias, un odio compatible coa intermitente exaltación folclórica dos tópicos máis locais. A fascinación campesiña pola uniformidade aliase co gusto neourbano polo pintoresco. Así, as casas rurais puntarán con notas de cor unha paisaxe-lixo de formigón, terreos edificables, entullos e recheos.

E equivocámonos tamén cando dicimos: “Isto é o que fai Europa”. Non, non hai ningún país europeo de primeira ou segunda fila que practique ese desprezo polo primario. Máis abaixo das estatísticas -a proporción de poboación rural- nin Francia, Alemaña ou Suíza practicaron nunca esta destrución sistemática da agricultura e o mundo real e simbólico que a acompaña. En poucos anos a Galicia máis visible perdeu o seu encanto e volveuse chamativamente *fea*. Salvo en zonas privilexiadas -concentradas con frecuencia en bisbarras profundas de Lugo e Ourense, as provincias máis “atrasadas”- as inmediateiros das vías de comunicación galegas son algo espantoso, compondo un amasillo neointindustrial, unha desolación de postes, eucaliptos e construcións que horrorizan ó máis devoto.

¿É esta unha ollada romántica, conservadora? É posible. A cuestión é se hai algo que conservar. Precisamente o Romanticismo foi unha modulación crucial da modernidade ilustrada. É posible que faga falta, seguindo o modelo vasco ou catalán, unha dose de “romanticismo” -o de Rosalía ou o de Novoneyra- para corrixir e matizar esta modernidade bárbara pola que apostamos. Cando, ademais, tamén o contrario ó romanticismo é unha metafísica, aínda que violentamente separadora, agresivamente superadora. Vindo de Euzkadi por estrada a paisaxe inmediata de Asturias e Galicia é

xa máis ben deprimente. Pragas de eucaliptos, mamotretos de formigón, moles escanastradas. E pistas, lixo, postes, cables por todas as partes. En medio deste estrutural feísmo, en Galicia conservamos como *casa rural*, ás veces un pouco cursi, aquilo que no País Vasco ou en Carintia - dous países moi distintos- é parte da normalidade que ninguén ha de ofrecer como servizo, dun amor polo propio que une a dereita e esquerda e que practicamente ninguén cultiva con fins externos.

A furia terciaria

Agora que acabou a época da emigración épica a América ou a Europa dáse en Galicia outra paixón migratoria que parece querer darlle a razón a aquela muller que vinculaba a emigración coa fuxida. Unha emigración interior para o xeométrico, o concentrado e espectacular, para o que rompeu coas súas raíces. Autoestradas, aeroportos, portos exteriores, peirao deportivos, auditorios, parques empresariais, centros comerciais e culturais xigantescos -¡Cidade da Cultura!- e campos de golf, compoñen o novo imaxinario da elite urbana. Estamos atravesados por unha especie de furia consumista que segue, hai que dicilo así, o modelo máis superficial español. Non quixeríamos precisamente neste punto simplificar, pero se cadra o separatismo vasco e catalán sexa, entre outras cousas, unha forma de fuxir deste pésimo gusto, dunha política barata do desarraigo que caracteriza tamén os galegos. É posible que isto soe a esteticismo, pero é que a estética é, nin máis nin menos que a cara externa da ética e da política. Non hai, non pode haber separatismo galego -para ben e para mal- porque compartimos o mesmo modelo que o resto do Estado: a destrución acelerada das raíces, a transformación consumista de calquera punto onde se asente a opacidade do primario. Certamente, a penumbra do natal dificulta a transparencia fluída da comunicación. España está perpetuamente en obras

porque ningunha pedra antiga debe quedar no seu lugar. E Galicia comparte co resto do Estado esta vergoña polo pasado, un pasado que, encarnado na relixión da paisaxe -o carballo, o muíño, a bidueira-, hai que liquidar. Lembremos aquí que relixión e paisaxe van unidas, pois o primeiro misterio é o da terra. Supoño que é significativo que a relación coa Igrexa sexa moito máis coidadosa no nacionalismo vasco ou catalán -de dereitas e de esquerda- que no o noso.

O lume volve infernalmente cada verán para completar este círculo do autodesprezo. En certo modo, a reserva papeleira de España arde en nome de todo o Estado. ¿Imaxinan o que pasaría en Cuenca ou en Toledo se houberse tanto que queimar como aquí? O lume do campo galego actual é como as obras públicas madrileñas. Expressa a aversión a todo o antigo, que ha de ser remexido porque o asociamos automaticamente á pobreza... sen nos dar conta de que a pobreza máis profunda consiste nese automatismo, en versión de esquerda e de dereita¹.

Constituíronnos séculos de chuvia, noites de pedra e de lobos. E isto non pasará mañá, por moito que o cambio climático e as autoestradas prometan agora luminosas perspectivas. Non se pode rematar co labirinto boscoso da paisaxe porque o levamos dentro. De aí a resistencia do brión local, que volve en todos os lugares que chamamos “modernos”, manchando tamén as paredes do CGAC. Teríamos que conectar a fortaleza dos materiais do pasado a estas móbiles superficies brillantes, ser máis milenarios -e conservadores- para ser máis modernos. Xuraría que o Guggenheim é no país Vasco a punta brillante dun iceberg de transformación que abrangue unha morea de niveis, incluíndo o coidado e a transformación do máis profundo e escuro, de toda a irregularidade do patrimonio herdado. Pero sepáranos dos vascos precisamente esta configuración

cultural, a vontade dun cultura forte, que recolla o tremor do natal e non escape para unha posmodernidade doada.

A xente en Galicia segue querendo emigrar, segue amando a liña recta da emigración. Soñamos con fuxir das curvas da terra para a cidade, dunha irregularidade terreal que asociamos á pobreza, para a comunicación total e os escenarios posmodernos. Escenarios á forza un pouco cotrosos, pouco duradeiros, porque foron construídos sen raíces. Se os mozos abandonan o idioma galego, quizais se deba a que o vinculen a unha certa lentitude nesta entrega ós servizos terciarios, que eles senten como modelo único e xeneralizado. A dispersión da poboación -algo tipicamente europeo, en canto mostra o coidado do local- mantivo a integridade da lingua galega. Hoxe tende a darse unha concentración “americana” da poboación, que se xunta á beira das vías de comunicación e centros comerciais. Fixémonos por exemplo na política do concello de Quiroga. En vez de estimular con axudas a economía de montaña -novos cultivos, turismo-, abandónase á morte lenta, fanse pisos accesibles abaixo, para que os vellos gasten na vila a súa paga e os mozos sigan emigrando.

Non se pode empregar máis o argumento supostamente “materialista” de que Galicia é pobre e necesita aproveitar esa riqueza un pouco bastarda que os demais rexeitan. Con outro tipo de materialismo, que pon por diante a resolución *política*, poderían formularse as cousas ó revés: se Galicia é pobre, éo porque está atrapada por esta cultura da fuxida, porque se empeña nesta riqueza rápida do cemento masivo e a pa mecánica. Unha vez máis, tamén neste punto parecemos moi “españóis”.

Ademais do abandono da lingua galega entre os mozos a aposta por esta política do desarraigo, por esta concentración e modernización sen retorno, implica outro fenómeno



paralelo que preocupa ós políticos galegos: a baixada dos índices de natalidade. Esta baixada é tamén o produto dunha modernidade terciaria, dunha cultura de escape, sen baixada á sombra natal. Ter un fillo non é soamente unha carga económica. Supón tamén afrontar un compromiso co pasado, coa lentitude da educación e o seu diálogo cos ancestros -¿quen son, de onde veño? E este compromiso cae fóra dos nosos dinámicos orzamentos actuais, magnetizados polo ouropel da comunicación e a fuxida para adiante. A cultura galega é hoxe unha mestura apurada de mentalidade decimonónica, coa súa inxenua fascinación polo progreso e tecnoloxía posmoderna acelerada. Non podemos seguir cun materialismo romo que achaca o fenómeno da baixada de natalidade a factores soamente económicos. Hai ademais unha metafísica do consumo, unha cultura das vías

rápidas, que traballa en contra da relación lenta coa infancia. Igual que o carballo ou a corredoira, igual que a pedra, o neno é lento, resucita a pantasma dos antepasados, require unha demora neles. Todo isto, xunto cos factores estritamente económicos, choca coa ideoloxía da aceleración que se vendeu como única en Galicia, a ideoloxía da pasta doado -a propia dun Estado de camareiros- e a liña ruidosa da comunicación.

Vivimos nunha especie de desacougo que obedece ó modelo turístico e que é propio dos “países en vías de desenvolvemento”, é dicir, os países que non tiveron unha modernidade a tempo. Esta ideoloxía petroleira expresábaa así hai pouco un directivo da banca galega: se queremos progresar, o campo galego e os seus produtos tradicionais -a carne, o leite, o queixo, a madeira, a castaña- debe desaparecer e



reciclarse en masas de eucaliptos e extensións de golf. Máis claro, auga. Todo ocorre como se en realidade sentísemos vergoña de todo o propio, como se a nosa modernidade -a diferenza da vasca ou a catalana- non puidese dialogar con iso, abrollar de aí, da lentitude dunha paisaxe ancestral cargada de séculos de chuvia.

Volvendo ós mozos, o problema é que eles experimentan que o noso modelo é en realidade o modelo espectacular español. A movida, a comunicación, a velocidade de ir a ningunha parte, de estar perpetuamente en órbita. Entón, pensan, ¿para que andarse con rodeos? Aínda que en público se defenda o galego, unha vez máis, neste punto, o ruído do que facemos tapa o sentido das palabras que dicimos. Toda a nosa práctica social e política está percorrida por unha mentalidade de

novos ricos que se avergoñan do seu pasado, sen xamais ter feito o esforzo de o entender. Fixémonos se non na furia normativa con que a nosa elite tenta ordenar o idioma, con esa invención ás veces de vocábulos que non existen en ningún sitio, con ese desprezo pola fala real. Seguindo en realidade un modelo centralista, esa soberbia normativa expresa unha profunda desconfianza para o galego real, para os seus xiros non deseñados, non normalizables. Hai por doquier, diríamos, un centralismo intragalego que non fai máis que reproducir, nunha escala reducida e máis daniña -posto que a diriximos nós-, o mal que lle achacamos ó Estado.

Ocorre se cadra que o inevitable centralismo do poder político, ó non poder recoller os meandros da nación, ó faltarlle vontade política e cultural de baixar á profundidade da

Galicia real, segméntase en localismos, en centralismos locais enfrontados. De maneira que os sucesivos reinos de Taifas dentro de cada partido -non só Baltar no PP de Ourense-, a rivalidade localista entre Santiago e A Coruña, entre Pontevedra e Vigo, entre Vigo e A Coruña, compoñen a nosa paisaxe política. Mesmo poderíamos falar hoxe dun sectarismo bicéfalo interno ó goberno galego, con dous partidos acaparando unha Presidencia e unha Vicepresidencia que practican a "cohabitación" e compiten entre si.

En realidade, funciona por doquier o partido único do autoodio. BNG, PSG e PPG, cada un á súa maneira e coa súa intensidade táctica, están bastante unidos na destrución do primario. Pero tamén a reconstrución, o regreso ó propio debería vir por unha corrente de contaminación -pre e pospolítica, pre e posideolóxica- que afectase a todos os partidos e crease unha sorte de consenso implícito. Como ocorre, simplemente, en todo país que funciona, onde unha serie de temas non son motivo de discusión nin de pugna ideolóxica.

Pero isto non parece que vaia ocorrer mañá. Padecemos unha incapacidade terceiromundista para o impolítico, para a metafísica do primario, que é tipicamente ibérica. A nosa é a metafísica consumista, violentamente desarraigante. Padecemos, digámolo así, unha medianía terciaria que ten serios problemas coa violencia do sentido real, con todo o que non sexa negociable, nin brando, nin unha copia. Fixémonos en que con frecuencia aceptamos o propio -sexo a arquitectura popular, a comida ou o viño autóctonos- cando xa vén avalado co que supomos un selo de modernidade do exterior. En suma, cando se serve máis ou menos clonado por unha clixé de cartón-pedra, case sempre superficial e que fóra xa pasou de moda.

Certo, a deconstrución fixo marabillas, sobre todo nas barriadas do Imperio. O adelgazamen-

to da primaria, a súa laminación, vai á par dunha groseira obesidade dos servizos, tele-lixo incluída. A movida coruñesa, santiaguesa e viguesa é a cara externa dunha profunda desmobilización rural. Neste punto, como en tantos, o papel da vangarda urbana galega, ideolóxica e estética, é cando menos sospeitoso. Nos anos oitenta, mentres se ensaiba a movida en Vigo e en Madrid, o medio rural galego desmobilizábase, coñecendo un declive irremediable. Por resumir, diríamos que a nova economía subsidiaria, a súa ideoloxía do diñeiro doado e sen esforzo, aceleraba a ruína de calquera economía básica e o desprezo por todo o elemental.

A diferenza de Asturias, que segue máis próxima á transformación da súa industria agraria e industrial, existe desde hai tempo unha vizosa Galicia posmoderna. A movida viguesa, o movemento plástico Atlántica xa foi nos anos oitenta un adianto disto. O problema é que a vangarda posmoderna do deseño galego -do Albariño a Adolfo Domínguez- é en boa medida branda, sen carácter para recoller a elementalidade do pasado. Tanto na roupa coma na literatura, e é preferible non dicir nomes, reiña a dicotomía entre unha vangarda un tanto New Age e a retagarda rural. Os campesiños están motivados pola recta da fuxida e o cemento da separación. A elite urbana, por Antonio Pernas, os arquitectos de moda e os viños de marca. Pero entre os dous polos falta unha mediación, como se entre a recta dura rural e a curva branda urbana faltase xustamente unha cultura radical, unha política -nalgún sentido audaz- que fose fiel ós meandros da terra. O lume aliméntao esta esquizofrenia, unha polvoreira posmoderna que se alía a unha vella práctica campesiña.

A vinganza dos elementos

A ordenación forestal foi un remedo da cultura política que falta. Ese baleiro énchese con piñeiros e eucaliptos para que o territorio non

pareza improductivo nin abandonado. Pero de feito estao, desprezado por todos, os vellos lugareños e os mozos políticos. Por iso arde cada ano cun lume que non deixa de expresar o desprezo xeral da elite política para o que se quere deixar atrás, apresuradamente, sen entender que non existe modernidade que non haxa de recoller a herdanza do territorio, o reto dunha terra que non cambia. ¿Que foi a modernización en Alemaña, en Inglaterra ou en Francia máis que un diálogo coas raíces, coa paisaxe natal?

¿Por que arderon, por que volverán a arder ante todo as proximidades urbanas, o visible desde as autoestradas? Por unha simple ecuación: eucalipto e cemento para hoxe, lume para mañá. É o modelo brutal da nosa modernización -no que participan tantos "intelectuais"- o que creou o lume nesas beiras pseudorrurais da nosa cultura do desarraigo, esas aforas de pistas, toxo, piñeiro e eucalipto que queda como resto dunha política neuroticamente "urbanizadora". Dos quince ou vinte lugares que este pasado verán a prensa galega puxo como exemplo da destrución do lume hai que dicir que todos eles estaban arrasados antes, moito antes de que chegasen as lapas, polas estruturas incendiarias coas que afrontamos a organización do territorio. A xeometría do cemento e do achandamento, o lixo acumulado, as moles sen sentido, a desaparición dos lugareños, a proliferación dese cultivo bastardo que é o eucalipto só estaban a esperar a aparición da primeira chispa.

Nas pasadas avalanchas do lume e da auga podemos sospeitar, sen necesidade de ler a Freud -para quen o reprimido sempre retorna unha sorte de vinganza do campo profundo. Dun lado, vinganza dos elementos: a sociedade que rexeitou os materiais nobres, por lentos e improductivos, ten que ver cómo se abaten sobre ela a furia do lume e a auga. Vinganza tamén dunha poboación humana elemental.

Como se os vellos que se quedan na aldea, abandonados por todos, se resistisen a ser os gardiáns dunha "riqueza" decorativa da que non van sacar ningún beneficio. Hai tempo foi decretada a extinción do campesiñado -a política de subvencións é iso- e é ata certo punto normal que esa Galicia profunda non se resigne a morrer sen facer un pouco de ruído. De aí un instinto de terra queimada que cristaliza a vinganza dos vellos sobre os mozos que abandonaron o lugar, a dos campesiños que quedan sobre os señoritos -profesores, políticos e xornalistas- que queredrían estar tranquilos en Santiago, en Pontevedra e nas praias de Arousa. O lume, neste aspecto, non é o produto do atraso, senón o resultado dunha brutal modernización. ¿Non é curioso que Lugo e Ourense, máis rurais e menos "modernas", se mantivesen ata certo punto na marxe desta queima? Non van arder os vales húmidos de Antas de Ulla ou da Ribeira Sacra, a cuenca do río Mao ou os castiñeiros de Sacardebois, senón as aforas clonadas de Santiago e de Pontevedra.

Os campesiños só executaron, volverán a executar, o que senten como unha actitude xeneralizada: o desprezo do noso atraso cultural para o agro e o seu esforzo lento, desprezo que xamais existiu nun país moderno. Ademais, dáse neste "terrorismo" do lume a negativa dos campesiños que quedan a servir de gardaforestais dunha política simplemente decorativa que os condena a eles -vellos afundidos na depresión e a anomia- a seren gardas xurados do recreo dos outros, os que sucun velozmente as vías rápidas solazándose no verde dunha masa forestal de crecemento rápido. A teima coa trama, que un e outro goberno reproduciron para se defender, expresa ante todo a negativa a recoñecer a profundidade dunha conspiración acéfala, non dirixida máis que pola marxinalidade, o alcolismo, a depresión, a anomia dos centos de miles de galegos que por unha razón ou outra que-

daron atrás, sen poder subirse a esta nova vida-móbil².

Falo dunha mutación anímica, social e política que percorre Europa enteira, pero que en Galicia toma tinxiduras particularmente dramáticas. E o gravísimo problema que a nosa mentalidade mutada mantén coa terra agrávasse sen dúbida -coma no resto do Estado- no litoral costeiro. Igual que o lume arrasa as aforas urbanas, neste outono de chuvias inundáronse as partes novas das cidades, o transformado por unha modernidade autista. Inundáronse precisamente as chairas de recheo en Vilagarcía e en Cee, os baixos comerciais en Caldas e Cangas. E isto despois de que os ríos canalizados estreitamente non teñen apenas por onde saír. Despois de ríos con frecuencia obstaculizados por vertidos, entullos e canalizacións abusivas. De augas que baixan en torrenteira por montes queimados, espoliados de vexetación e cruzados por cen pistas que fan de canalizacións rápidas. De foxos que rompen as ladeiras e montes explanados. A chaira pelada crea riadas, así como a irregularidade do terreo absorbía a auga. Sumemos a isto as desembocaduras obstruídas por paseos marítimos e fluviaes, os baixos comerciais, casas e garaxes construídos sobre o que era da auga, mariña ou fluvial. É normal que todo ese terreo "gañado" ás augas se inunde cando os caudais medran. Cando volven á natureza -que esquecéramos- e ó clima tradicional, un inverno non adaptado ó clima televisivo que temos na cabeza. Ten graza, pero cando a deconstrución posmoderna se empeña en que a natureza "desapareceu para sempre" é cando, igual na terra que no corpo humano, a natureza volve con catástrofes para as cales apenas temos memoria nin argumentos.

Despois da imaxe das casas e edificios oficiais interrompendo continuamente a costa, cortándoa, paremos un momento no que se

chama "ordenamento do mar". ¿Que significou isto? Portos deportivos por doquier: onde había un pequeno peirao, cambiando as correntes e a vida orgánica das rías, asenta un armatoste para o recreo e a gloria dos políticos locais. Lembremos tamén as bateas en fila desde hai uns anos, o empobrecemento que se di se produce no fondo mariño -¿similar ó que producen os eucaliptos na terra? E antes de acabar este panorama da penetración da recta nas costas, pensemos por unha vez na estraña complicidade entre as liñas das bateas e as liñas do eucalipto.

Finalmente, un fenómeno paralelo. A cultura da subvención que medrou entre nós é, tanto no campo coma no mar, a cultura do desarraigo. Trátase dun desarraigo subvencionado, naturalmente, por Europa. O que eles subvencionan é a nosa dependencia. Páganos para que sexamos simpáticos cidadáns de segunda, sen raíces nin un modo de produción independente, autóctono. Os *servizos* que nos deixan como propina -gastronomía, paisaxe, turismo e "cultura"- é o propio da nosa condición de serventes. Comentouse, a propósito disto, que a contaminación máis alta do Prestige non proveu do petróleo senón da comunicación, do desarraigo que facilitou, da pillería da subvención e do conxunto de prácticas subsidiarias que introduciu. ¿Non foi isto o que se viu outra vez nas riadas do pasado outono? Antes das augas as Confrarías xa estaban a calcular as perdas para pedir indemnizacións e subvencionar a vida dependente. E así o Estado, que desapareceu durante os días cruciais, pode despois redimirse sendo paternalista, mesmo "maternalista".

Unha vez máis, o perigoso modelo español, en boa parte nado na mentalidade paleta do franquismo. O de menos agora é a relación institucional que establezamos co Estado. O de máis é a complicidade cultural na mesma política destrutiva que practicamos.

- 1 Emigrante ou non o campesiño renegado é unha das clases máis perigosas do mundo. E é como se agora, cando os galegos xa non queren emigrar, decidisen que emigre o que foi a súa paisaxe natal para que así o contorno se pareza ó decorado kitsch co que soñaron. E o eucalipto lembra aínda demasiado ás árbores. Fai falta o lume, para que todo se remate parecendo a un aeroporto ou a un campo de golf. ¿Non é isto o que queren moitos modernos, mozos e non tan mozos?
- 2 Por suposto, ademais de costumes ancestrais de queima -que sempre comezan despois das colleitas de xullo-, puido haber resentimentos e intereses de todo tipo. Pero é un pouco cotroso a sospeita, que cada goberno volve a levantar, dunha trama. A idea dunha conspiración política que dirixise este terrorismo múltiple do lume quítanos responsabilidade colectiva, dilúe o carácter incendiario das nosas estruturas mentais e económicas, que en moitos aspectos se limitaron a prolon-

gar o franquismo. Ademais, a un nivel simplemente técnico, a teoría da trama non explica esta absoluta impunidade, esta reaparición guerrilleira da queima ó lado mesmo das casas. Lume que ademais cada ano é impermeable á información, ás ameazas, ó sufrimento humano, a calquera investigación xudicial. Soamente a implicación de capas impenetrables da poboación local, exiliada das autoestradas, explica que o monte poida arder unha e outra vez.

Ilustracións

- 1 Arquivo gráfico Deputación de Pontevedra
- 2 Incendio Mos, 2005